

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRAS DE "MELLORA DE
CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024/2025,
CONCELLO DE BANDE"**

Nº de expediente: 877/2024

ASUNTO: CONTRATO MENOR DE OBRAS DE "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024/2025, CONCELLO DE BANDE"

TIPO DE CONTRATO: OBRA

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO

1. OBXECTO DO CONTRATO:

Mellora de camiño de acceso a parcelas agrícolas (*Mellora do Camiño de Acceso a Garabelos*), o cal se atopa en mal estado, contando cun pavimento de rega asfáltica deteriorada.

Realizaranse actuacións de mellora no firme evitando así un maior deterioro na capa de rodaxe, previo barrido e bacheo, cunha dobre rega asfáltica.

Doutra banda sinalase que o obxecto do contrato non se configurou para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

2. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO: Mellora da seguridade viaria; reforzo e mellora do firme existente que se atopa deteriorado, axeitado ao tráfico rodado que soportan e mantemento das marxes.

3. ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DA PRESTACIÓN:

As obras executaranse conforme ao proxecto denominado: "Mellora de Camiños Rurais 2024-2025 no Concello de Bande" redactado polo enxeñeiro do medio rural, Don Salvador Añel Prada, o cal recolle as seguintes actuacións: Demolición pavimento asfáltico ou formigón, preparación do camiño a formigar, escavación mecánica zanza, terreo rocha, limpeza de foxo con motoniveladora, barrido do firme por medios mecánicos, dobre rega asfáltica, bacheo de firme con pedra, pavimento de formigón, colocación de sinal de stop, e colocación de canaleta pref. PVC.

Ver proxecto técnico das obras.



4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE:

En aplicación do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, utilizarase o procedemento aberto simplificado abreviado, ao tratarse dun contrato de obras no que o seu valor estimado é inferior a 80.000 euros.

5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

- órgano de contratación competente é a Sra. alcaldesa- presidenta, conforme ao establecido na D.A. 2ª da LCSP, ao non superar o valor estimado do contrato o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

6. VALOR ESTIMADO:

O presente contrato ten un valor estimado de: 45.172,55 €.

7. ORZAMENTO DO CONTRATO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA:

IMPORTE (IVE INCLUÍDO): 54.658,79 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 454-619

DENOMINACIÓN: Inversión de reposición: Plan de mellora de de camiños municipais 2024-2025

8. PRAZO DE EXECUCIÓN:

O prazo de execución será de 3 meses, aproximadamente dende o 1 de setembro de 2024 ata 30 de novembro de 2024, EN TODO CASO ANTES DO 16 DE OUTUBRO DE 2024 SETEMBRO DEBERÁ ESTAR EXECUTADA A ANUALIDADE DE 2024 QUE ASCENDE A 27.116,10 €.

9. LUGAR DE PRESTACIÓN.: Camiños no concello de Bande (Garabelos)

10. RESPONSABLE DO CONTRATO: Salvador Añel Prada

11. GARANTÍAS ESIXIDAS PARA CONTRATAR:

Non é necesaria a constitución de garantía definitiva de conformidade co establecido no artigo 159.6,f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

12. FORMA DE PAGO DO PREZO:

Mediante a presentación de facturas con periodicidade mensual, expedida



Concello de Bande

polo adxudicatario e conformada polo responsable do contrato, tras a expedición da correspondente certificación mensual de obra.

Ao tratarse dun gasto plurianual no exercicio 2024 aboarase como máximo o importe previsto para dito exercicio que ascende a 27.116,10 €, e no exercizo 2025 aboarase como máximo a cantidade de 27.542,69 €.

(Documento asinado electronicamente á marxe)

